



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|---|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2021/22 |
| Asignatura (*) | Intervención psicopedagóxica nos trastornos do desenvolvemento | Código | 652511213 | |
| Titulación | Mestrado Universitario en Psicopedagogía | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Mestrado Oficial | 2º cuatrimestre | Primeiro | Optativa | 4.5 |
| Idioma | Castelán | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Psicoloxía | | | |
| Coordinación | Valle Arias, Antonio | Correo electrónico | antonio.valle@udc.es | |
| Profesorado | López Castro, Leticia Valle Arias, Antonio | Correo electrónico | leticia.lopezc@col.udc.es antonio.valle@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | A materia pretende profundizar no coñecemento e a comprensión dos trastornos do desenvolvemento, co obxectivo de que o alumnado adquira as competencias psicopedagóxicas axeitadas para a avaliación e a intervención. | | | |
| Plan de continxencia | <p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Non se realizarán cambios</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>Ninguna, aínda que se é necesario, todas as actividades levaranse a cabo de xeito virtual.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>? Correo electrónico: dúas veces por semana. Utilízase para facer consultas, solicitar reunións virtuais para resolver dúbidas ou facer un seguimento do traballo tutelado. ? Moodle: Dúas veces por semana. ? Teams: 1 sesión semanal en grupo para avanzar no contido teórico e traballo tutelado na franxa horaria asignada á materia no calendario de aulas do profesorado.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>As metodoloxías de avaliación non se modificarán e realizaranse de maneira virtual de ser necesario.</p> <p>*Observacións de avaliación: Mantéñense as mesmas que figuran na guía docente, salvo que: As referencias ao cómputo de asistencia, que soamente se realizará respecto das sesións que foron presenciais ata o momento da súa suspensión.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Non se fixeron modificacións.</p> | | | |



Competencias do título

| Código | Competencias do título |
|--------|--|
| A1 | Planificar programas, proxectos e servizos de intervención para a mellora dos membros da comunidade educativa, aplicables a diferentes contextos e grupo destinatario. |
| A2 | Ser capaz de asesorar centros, profesionais, familias e institucións co fin de axudar a resolver problemas educativos e promover a innovación |
| A3 | Capacidade para considerar as múltiples variables intrapersoais, interpersoais e contextuais que inciden no proceso de ensino-aprendizaxe e para avaliar e intervir na mellora dos recursos motivacionais. |
| A4 | Capacidade para coordinar, facilitar e impulsar a utilización de medios e recursos didácticos e multimedia favorecedores de atención á diversidade |
| A5 | Planificar a intervención educativa en diferentes contextos, identificando e interpretando as dificultades e trastornos que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe. |
| A6 | Dominar o marco legislativo que regula o funcionamento das diversas institucións e adoptar un marco teórico de referencia que ampare os criterios de selección dos diferentes instrumentos e estratexias de diagnóstico, intervención e avaliación. |
| A7 | Potenciar a xustiza curricular mediante o uso de estratexias didácticas respectuosas coa diversidade social, cultural e ambiental, analizando criticamente a experiencia histórica de exclusión educativa, e elaborando as adaptacións do currículo que garantan unha perspectiva inclusiva da educación |
| A8 | Deseñar, implementar e avaliar prácticas educativas, programas e servizos que dean resposta ás necesidades das persoas, organizacións e colectivos específicos, promovendo a presenza, participación e éxito de todo o alumnado en contornos educativos e sociolaborais. |
| A9 | Desenvolver estratexias, técnicas e recursos para a prevención, detección e avaliación de necesidades específicas de atención educativa |
| A10 | Fomentar a investigación-acción para mellorar as prácticas educativas e profesionais favorecendo o traballo cooperativo |
| A11 | Redactar, presentar, defender informes e outros documentos básicos que contribúan a unha óptima comunicación en contextos multidisciplinares |
| A12 | Comprender a necesidade de incorporar o enfoque de xénero e deseñar propostas de orientación profesional que integren esta dimensión |
| A13 | Ser capaz de deseñar, desenvolver e avaliar procesos de investigación educativa, utilizando os métodos máis apropiados á natureza do problema, á finalidade da investigación e os criterios científicos máis adecuados, con especial énfase nos procesos de investigación na aula |
| A14 | Coñecer as necesidades formativas básicas nos diferentes contextos escolares e sociolaborais, poñendo especial atención naquelas competencias que favorezan o traballo en contornos multiculturais |
| A15 | Coñecer e valorar as competencias que buscan o desenvolvemento do potencial individual, os procedementos que se utilizan para a súa concreción práctica, o contido e nivel de cualificación, así como a necesidade da educación ao longo da vida |
| A16 | Coñecer os principios básicos do comportamento, as súas alteracións, e colaborar no deseño de programas de promoción da saúde |
| B1 | Capacidade de creatividade e innovación |
| B2 | Aprender a aprender |
| B3 | Capacidade de resolución de problemas |
| B4 | Capacidade de aplicar coñecementos na práctica psicopedagóxica |
| B5 | Capacidade para expoñer as ideas elaboradas, de forma oral e escrita |
| B6 | Traballar de forma autónoma e con iniciativa |
| B10 | Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo. |
| B12 | Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades |

Resultados da aprendizaxe

| Resultados de aprendizaxe | Competencias do título |
|---------------------------|------------------------|
|---------------------------|------------------------|



| | | |
|--|------|------|
| Coñecer as características diferenciais dos Trastornos do desenvolvemento, factores e causas dos memos B2 T4 | AP1 | BM1 |
| Recoñecer os niveis de explicación acerca dos trastornos e as áreas implicadas desde un punto de vista actual e actualizado B4T6 | AP2 | BM2 |
| | AP3 | BM3 |
| Ser capaz de desenvolver estratexias e apoios adecuados para cada persoa acordes ás súas necesidades así como plantexar a súa millora e estimulación continua T3 B2 | AP4 | BM4 |
| | AP5 | BM5 |
| Desenvolver programas persoais adaptados aos entornos e circunstancias de vida de cada unha das persoas así como promover situacións de vida ricas e estimulantes para o seu desenvolvemento e aprendizaxe B4 T4 | AP6 | BM6 |
| | AP7 | BM10 |
| Investigar na acción e utilizar documentos rigurosos e científicos con respecto á avaliación e intervención en trastornos do desenvolvemento | AP8 | BM12 |
| | AP9 | |
| Actuar de forma autónoma e responsable coas persoas obxecto de axuda establecendo vínculos que reforcen a súa capacidade así como determinen a súa millora aprendizaxe e desenvolvemento B2 T3 | AP10 | |
| | AP11 | |
| Procurar a formación continuada e actual así como desenvolver estratexias continuadas de millora profesional que redunden nas boas prácticas e na calidade de atención e servizo B4T4 | AP12 | |
| | AP13 | |
| | AP14 | |
| | AP15 | |
| | AP16 | |

| Contidos | |
|--|--|
| Temas | Subtemas |
| 1. Factores e características do desenvolvemento humano: implicacións actuais e contemporáneas: principais trazos diferenciais do desenvolvemento humano. Factores de influencia. | 1.1 Principais influencias no desenvolvemento humano 1.2. O modelo biopsicosocial 1.3. A neuroplasticidad do cerebro humano 1.4. A perspectiva da neurodiversidad. As fortalezas e dificultades da neurodiversidad. |
| 2. Concepto e niveis de explicación dos Trastornos do Desenvolvemento, caracterización, factores causantes, tipoloxía e investigacións contemporáneas, así como clasificación internacional. | 1.5. Modelos básicos do desenvolvemento 2.1. Tipos de trastornos do desenvolvemento 2.2. Caracterización dos distintos trastornos. |
| 3. A avaliación dos trastornos do desenvolvemento para a intervención psicopedagóxica. Métodos diagnósticos e métodos de avaliación | 2.3. Factores e niveis de explicación actual 2.4. Clasificación e características diferenciais 2.5. Trauma de desenvolvemento e as súas manifestacións. Relación cos trastornos do desenvolvemento. |
| 4. Trastornos emocionais e trastornos de conduta | 2.6. A xanela de tolerancia, o apego e as consecuencias do trauma sobre o desenvolvemento do cerebro. |
| 5. A intervención psicopedagóxica nos trastornos do desenvolvemento: Paradigmas e Principios contemporáneos | 3.1. Tipos de avaliación como preparación para a intervención psicopedagóxica. 3.2. Signos de alerta e sistemas de organización diagnóstica. 3.3. Modelos e teorías explicativas 3.4. Métodos específicos de intervención. 4.1. Os factores que inflúen no desenvolvemento de trastornos emocionais e de conduta 4.2. Características dos trastornos emocionais e de conduta 4.3. Tipos de intervención neste tipo de trastornos. 4.4. Acerca dunha hipótese de traballo na explicacións dos Trastornos do Desenvolvemento. 5.1. Atención e intervención psicopedagóxica: concepto e definición 5.2. Principios básicos na intervención psicopedagóxica 5.3. Funcións da intervención psicopedagóxica 5.4. A calidade de vida e a vida autodeterminada 5.5. Concepción actual da discapacidade intelectual |



| Planificación | | | | |
|-------------------------------|---------------------------------------|-------------------|---|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Presentación oral | A2 A3 A1 A13 B1 B2 B3 B6 | 2 | 6 | 8 |
| Estudo de casos | A4 A5 A6 A7 A8 A14 B4 B10 | 4 | 4 | 8 |
| Aprendizaxe colaborativa | A12 A15 | 6 | 12 | 18 |
| Análise de fontes documentais | A3 A4 A10 A13 B12 | 2 | 8 | 10 |
| Actividades iniciais | B4 B5 | 1.5 | 0 | 1.5 |
| Discusión dirixida | A5 A9 A14 A16 B5 | 3 | 6 | 9 |
| Portafolios do alumno | A2 A3 A1 A5 A7 A8 A15 A16 B1 B5 B6 | 3 | 15 | 18 |
| Traballos tutelados | A2 A3 A1 A8 A9 B1 B3 B4 B5 | 4 | 16 | 20 |
| Resumo | A3 A1 A9 B1 | 2 | 8 | 10 |
| Atención personalizada | | 10 | 0 | 10 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|-------------------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Presentación oral | Exporanse de forma oral en pequeno grupo algúns dos contidos traballados durante o curso. |
| Estudo de casos | Analizaranse casos ficticios o máis achegados á realidade pretendendo a súa avaliación e intervención. |
| Aprendizaxe colaborativa | Será fundamental aprender a colaborar así como as prácticas de debate e análise conxunta co obxecto de acadar a aprendizaxe colaborativa |
| Análise de fontes documentais | O profesor proporá a análise de diversas fontes documentais (lecturas, vídeos, programas, etc.) relacionadas cos trastornos do desenvolvemento |
| Actividades iniciais | Realizarase unha dinámica de grupo para coñecer mellor as competencias, coñecementos e intereses do alumnado |
| Discusión dirixida | Técnica de dinámica de grupos na que os membros dun grupo discuten de forma libre, informal e espontánea sobre un tema, aínda que poden estar coordinados por un moderador. Debateranse temas de interese para a materia. |
| Portafolios do alumno | É un cartafol ou arquivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno nun período de tempo, cos comentarios e cualificacións asignadas polo profesor, o que permite visualizar o progreso do alumno. O portafolio ou cartafol inclúe todo o que fai o alumno, como: apuntamentos ou notas de clases, traballos de investigación, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resumos, probas escritas, autoavaliacións, tarefas desenvolvidas, comentarios de progreso do alumno realizado polo profesor, etc. |
| Traballos tutelados | Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente á aprendizaxe do ?como facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor. |
| Resumo | Consiste nunha síntese dos principais contidos traballados. É un recurso óptimo para facilitar a comprensión do texto e a concentración persoal sobre o material obxecto de estudo. É tamén unha axuda importante para o repaso e a preparación de exames. |

| Atención personalizada | |
|------------------------|------------|
| Metodoloxías | Descrición |
| | |



| | |
|---|---|
| Portafolios do alumno Traballos tutelados Presentación oral | O alumnado poderá plantexar as súas dúbidas e dificultades tanto na clase como nas titorías |
|---|---|

| Avaliación | | | |
|--------------------------|---------------------------------------|--|---------------|
| Metodoloxías | Competencias | Descrición | Cualificación |
| Portafolios do alumno | A2 A3 A1 A5 A7 A8 A15 A16 B1 B5 B6 | Cada portafolio conterá unha serie de resumos e estudos de caso, así como as notas das actividades de clase. | 40 |
| Discusión dirixida | A5 A9 A14 A16 B5 | Valorarase a participación activa nas presentacións e nas actividades interactivas de clase. | 10 |
| Traballos tutelados | A2 A3 A1 A8 A9 B1 B3 B4 B5 | O alumnado fará un plan de intervención psicopedagóxica en grupo pequeno, que será presentado en clase. | 25 |
| Presentación oral | A2 A3 A1 A13 B1 B2 B3 B6 | Realizarase a presentación da estratexia de intervención psicopedagóxica que abarcará 3-4 tipos de trastornos distintos. A presentación realizarase en grupo pequeno e cada persoa terá que demostrar coñecementos do plan completo de intervención. | 15 |
| Aprendizaxe colaborativa | A12 A15 | Analizarase e avaliarase a capacidade e interese na aprendizaxe conxunta e do traballo en grupo. | 10 |

| Observacións avaliación |
|--|
| <p>Modalidade A</p> <p>Alumnado con dedicación completa: asistencia/participación nas actividades de clase igual ou superior ao 80%: a) Elaboración e presentación dos traballos tutelados (40%). Os traballos realizados recompilaranse nun dossier que será entregado ao profesor na data indicada por este.</p> <p>b) Portafolio do alumno. O portafolio será entregado ao profesor na data indicada por este (40 %).</p> <p>c) Puntuarase a participación nas presentacións grupais de clase e nas discusións dirixidas (20 %).</p> <p>OPCIÓN B. Primeira convocatoria Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, segundo establece a "Norma que regula ou réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e a progresión dúas estudantes de grao e mestrado universitario na Universidade da Coruña" (aprobada en Consello de Goberno do 28 de xuño do 2016):a) Proba escrita para cubrir os contidos teóricos da materia (60 %)b) Portafolio do alumno. O portafolio será entregado ao profesor na data indicada por este (40%).</p> <p>OBSERVACIÓNS ADICIONAIS: 1. Para superar a materia é necesario obter unha puntuación do 50% do peso de cada unha das partes obxecto de avaliación. 2. A convocatoria de xullo estará sometida aos mesmos criterios que a convocatoria de maio. 3. Segundo establecen as "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dúas estudos de grao e mestrado universitario" (aprobada o 19/12/2013 e modificada o 30/04/2014) no Art. 21.2: Considerarase como ?Non presentado? (NP) a aquel estudante que, estando matriculado na materia, non concorra ás distintas actividades de avaliación que se establecen para o curso académico.</p> <p>Así, será cualificado como ?Non presentado? cando: a) Non complete o proceso de avaliación continua, nas condicións que figure na guía docente, b) Non se presente á proba do período oficial de avaliación.</p> |

| Fontes de información |
|-----------------------|
|-----------------------|



Bibliografía básica

- Ainscow, M. (1999). Tendiéndoles la mano a todos los estudiantes. Algunos retos y oportunidades. III Jornadas Científicas de Investigación sobre Personas con Discapacidad organizadas por la Universidad de Salamanca. <http://campus.usal.es/~inico/investigacion/jornadas/jornada3/actas/conf1.pdf>
- Alcantud, F. (2003). Intervención psicoeducativa en niños con trastornos generalizados del desarrollo. Madrid: Pirámide
- APA, American Psychiatric Association (1995). Manual diagnóstico y estadístico de los trastornos mentales. (DSM-IV). Barcelona: Masson.
- (Diagnostic and Statistical Manual of Mental Disorders: Booth, T. y Ainscow, M. (2002). Guía para la evaluación y mejora de la educación inclusiva, (index for inclusion). Desarrollando el aprendizaje y la participación en los centros educativos. Departamento de Educación, Universidades e Investigación del Gobierno Vasco. Consorcio Universitario para la Educación Inclusiva. <http://www.pangea.org/acpeap/doc%20pdf/index.pdf>
- DSM-IV (1994), publicado por APA, Washington, D.C.). APA, American Psychiatric Association (2000). Diagnostic and Statistical Manual of Mental Disorders, Fourth Edition (DSM-IV-TR). Washington D.C. (USA): American Psychiatric Association.
- APA, American Psychiatric Association (2013). Diagnostic and Statistical Manual of Mental Disorders, Fifth Edition (DSM-5). Arlington, VA (USA): American Psychiatric Publishing.
- Baumgart, D., Johnson, J. y Helmstetter (1996). Sistemas Alternativos de comunicación para personas con discapacidad. Madrid: Alianza Editorial.
- Belinchón, M. (2001). Lenguaje y autismo: hacia una explicación ontogenética. En J. Martos y A. Rivière (Comp.), Autismo: comprensión y explicación actual (Cáp. 7, pp. 155-205). Instituto de Migraciones y Servicios Sociales.
- Bollullo, A., Cucarella, V., De los Santos, R., Escribano, L., Gómez, M., Illera, A. Márquez, C. y Tamarit, J. (2000). Documento para el debate: parámetros de buena práctica del profesional del autismo ante las conductas desafiantes. X Congreso Nacional de AETAPI (Vigo).
- Carr, E. y otros (1996). Intervención comunicativa sobre los problemas de comportamiento. Madrid: Alianza.
- Castellanos, J.L., Escribano, y L. Espinosa (1989). Alteraciones sociales. En Guías MEC, Tema 3. Centro Nacional de Recursos para la educación especial. Madrid: Mec.
- Díez Cuervo, A. y cols. (2005). Guía de buena práctica para el diagnóstico de los trastornos del espectro autista. REV NEUROL 2005; 41: 299-310.
- Echeita, G. (2004). ¿Por qué Jorge no puede ir al mismo colegio que su hermano? Un análisis de algunas barreras que dificultan el avance hacia una escuela para todos y con todos. Revista Electrónica Iberoamericana sobre Calidad, Eficacia y Cambio en Educación 2004 Vol. 2, No. 2
- Feuerstein, R. & Rand, Y. (1974). Mediated learning experience: An outline of proximal etiology for differential development of cognitive functions. Journal of International Council of Psychology, 9, 7-37.
- Feuerstein, R. (1990). Programa de Enriquecimiento Instrumental. Madrid: Bruño
- Feuerstein, R., Rand, Y. & Hoffman, R.B. (1979). The Dynamic Assessment of Retarded Performers: the Learning Potential Assessment Device. Baltimore: University Park Press.
- Frith, U. (2004). Autismo. Hacia una explicación del enigma. Madrid: Alianza Editorial
- Guralnick, J.M. (2006). Family Influences on Early Development: Integrating the Science of Normative Development, Risk and Disability, and Intervention In K. McCartney & D. Phillips (Eds.), Handbook of early childhood development (pp. 44-61). Oxford, UK: Blackwell Publishers.
- Happé, F. (2001). ¿Déficit cognitivo o estilo cognitivo? Coherencia central en autismo. En J. Martos y A. Rivière (Comp.), Autismo: comprensión y explicación actual (Cáp. 5, pp. 105-120). Instituto de Migraciones y Servicios Sociales.
- Hernández, J.M. y cols. (2005). Guía de buena práctica para la detección temprana de los trastornos del espectro autista. REV NEUROL 2005; 41: 299-310.
- Hobson, P. (2001). Intersubjetividad y autismo. En J. Martos y A. Rivière (Comp.), Autismo: comprensión y explicación actual (Cáp. 2, pp. 39-55). Instituto de Migraciones y Servicios Sociales.
- Howlin, P. (2001). Métodos de intervención educativa para niños con autismo. En Juan Martos y Angel Rivière (Comp.): Autismo: comprensión y explicación actual (Cáp.8, pp. 205-233). Madrid: INSERSO.
- Ibáñez, A.; Verdugo, M.A. y Arias, B. (2007). Evaluación de las necesidades de apoyo de personas con discapacidad intelectual: Escala de Intensidad de Apoyos (SIS). Integra, 10 (26), 4-5.
- Manolson, A. (1992). Hablando nos entendemos mejor. The Hannen Centre.
- Monfort, M. (2006). La comunicación bimodal: una ayuda para el desarrollo del lenguaje y de la comunicación. <http://www.down21.org/revista/2006/marzo/Articulo.htm>
- Palomo, Velayos, Garrido, Tamarit y Muñoz (2005). Evaluación y diagnóstico en trastornos del espectro de autismo: el modelo iridia. Tomado de http://www.asociacionlанда.org/pdf/modelo_iridia.pdf
- Martínez Beltrán, J.M. (1990). La Mediación en el Proceso de Aprendizaje. Madrid: Bruño.
- Prieto Sánchez, M.D. (1989). Modificabilidad cognitiva y P.E.I. Madrid: Bruño.
- Robles, M.A. y Calero, M.D. (2008). Evaluación de funciones cognitivas en la población con síndrome de Down. Revista Síndrome de Down, 25, 56-67.
- Save the Children (2002), Escuelas para todos y todas: incluyendo a la niñez. con discapacidad en la educación. Londres: Save the Children
- http://www.eenet.org.uk/bibliog/scuk/schools_for_all_span.pdf
- SCHALOCK, R. L. (1998): «Hacia una nueva concepción de la discapacidad», en: Siglo Cero, vol. 30 (1), pp. 5-20
- Schalock, R.L., Borthwick-Duffy, S.A., Bradley,

V., Buntix, W.H.E., Coulter, MD., Craig, E.M., Gomez, S.C., Lachapelle, Y., Luckasson, R., Reeve, A., Shogren, K.A., Snell, M.E., Spreat, S., Tassé, M.J., Thompson, J.R., Verdugo, M.A., Wehmeyer, M. L. et al. (2008). The Intellectual Disability Construct and Its Relation to Human Functioning. *Intellectual and developmental disabilities* 46(4), 311-318.

Wehmeyer, M.L. and Yeager, M.H. (2010). *Intellectual disability. Definition, Classification, and Systems of Supports* (11th Edition). Washington, D.C.: American Association on Intellectual and Developmental Disabilities.

Tamarit, J. (2009). Transformemos nuestra escuela. Compartiendo el sueño de una educación muy especial. Conferencia inaugural del programa de familias de la Asociación Alanda (en vídeo).

http://www.asociacionalanda.org/web/index.php?option=com_content&task=view&id=140&Itemid=80Verdugo Alonso, M.A. y Schalock, R.L. (2010). Últimos avances en el enfoque y concepción de las personas con discapacidad intelectual. *Siglo Cero*, 41(4), 7-21

Vygotsky, L.S. (1979). *Desarrollo de los procesos psicológicos superiores*. Barcelona: Grijalbo.



| | |
|-----------------------------|--|
| Bibliografía complementaria | |
|-----------------------------|--|

| |
|----------------|
| Recomendacións |
|----------------|

| |
|---|
| Materias que se recomenda ter cursado previamente |
|---|

| |
|--|
| Materias que se recomenda cursar simultaneamente |
|--|

| |
|----------------------------------|
| Materias que continúan o temario |
|----------------------------------|

| |
|--------------|
| Observacións |
|--------------|

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías